

## Canle de WhatsApp do Concello de Betanzos

### Procedemento para darse de alta e baixa

Para xestionar a alta na canle de WhatsApp do Concello de Betanzos os interesados ou interesadas deben:

1. Gardar como contacto no seu móbil o número **681 31 85 02**
2. Enviar un WhatsApp co texto '**ALTA**'.
3. Logo, recibirán unha mensaxe confirmando a alta no servizo.

Con este procedemento, os usuarios/as dán o seu consentimento para recibir desde o Concello das Betanzos tanto información de servizo, como diferentes novas da xestión municipal e tamén incidencias ou datas de eventos deportivos, culturais, etc.

Para darse de baixa, os usuarios e usuarias, deberán enviar unha mensaxe ao WhatsApp co texto "BAIXA" e deixarán de recibir a información.

### Método de difusión

Os usuarios e usuarias do servizo non poderán ver os datos e información do resto de persoas xa que as novas se envían a través dunha lista de difusión.

O Concello de Betanzos é o administrador do servizo, co que será o propietario do mesmo e desde onde se remitirán as mensaxes.

A información aos usuarios e usuarias enviarase de luns a domingo, de 10:00 h a 20:00 h. No caso de tratarse dunha información de urxencia, emerxencia ou especial interese, remitirase no momento oportuno.

### Normas de uso

É unha canle de comunicación bidireccional polo que as persoas que se dean de alta no servizo tamén poderán realizar consultas ou dar aviso de incidencias, dentro do horario estipulado de luns a domingo, de 10:00 h a 20:00 h.

O envío de mensaxes inadecuados ou reiterados ao por parte dalgún usuarios/a suporá a baixa automática por parte da administración do servizo.

**Ao darse de alta no servizo acéptanse as condicións e normas de uso expostas. O incumprimento das normas suporá a baixa automática por parte do administrador.**